



INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O CONSELLO ASESOR DA PAISAXE DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente norma a creación e regulación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, como órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento en materia da paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencia no territorio para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas, que poidan ter un impacto directo ou indirecto en materia da paisaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia adscríbese á consellería competente en materia de ordenación do territorio a través do organismo competente en materia de paisaxe, que exercerá a súa coordinación.

2. Marco normativo e competencial

A Constitución española recoñece no seu artigo 45.2 que os poderes públicos velarán pola utilización racional de tódolos recursos naturais e o seu artigo 149.1.23 establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades que teñen as comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo establece o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, nos parágrafos 3 e 30 ten competencia exclusiva, respectivamente en materia de ordenación do territorio e do litoral, así como de normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos establecidos no artigo 149.1.23 da Constitución española.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que corresponde a cada Administración pública delimitar, no seu respectivo ámbito competencial, as unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da súa organización.

A disposición derradeira segunda do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das Paisaxes de Galicia sinala que o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, órgano colexiado, de carácter técnico e de asesoramento en materia de paisaxe, regularase de conformidade co establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



De conformidade co anterior, a Xunta de Galicia apreciou a necesidade de crear e regular o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de medio ambiente en virtude das competencias que lle outorga o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en relación co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.

Polo demais, e no que fai a competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita Lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

3. Estrutura do proxecto normativo

O proxecto de Decreto consta de catorce artigos, distribuídos en tres títulos, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

4. Tramitación

O proxecto de Decreto tramítase de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. No expediente conséntase que de acordo co disposto do artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o anteproxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Unha memoria económica-financeira con estimacións dos costes que poida xerar e o seu financiamento.
- Un informe da subdirección xeral de Réxime Xurídico, de Coordinación Administrativa e da Planificación.
- Unha táboa de vixencias.

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación tivo lugar en data 15 de xuño de 2017.

En cumprimento do artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e dos artigos 16 e 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, polo que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, publicouse no Portal de transparencia e Goberno aberto, constando certificado de publicación no dito portal de data 8 de agosto de 2017.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

- *Trámite de audiencia:* O proxecto foi remitido para alegacións a todas as Secretaría Xerais Técnicas das Consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de



Galicia, así como as universidades de Galicia e outras entidades que poidan resultar interesadas.

Tamén se recibiron alegacións a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. Consta no expediente a xustificación do tratamento das alegacións recibidas, asinada pola directora do Instituto de Estudos do Territorio de data 18 de outubro de 2017.

- *Informes e ditames:* Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:
 - Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de data 26 de outubro de 2017.
 - Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de data 6 de novembro de 2017.
 - Informe da Dirección Xeral da Función Pública de data 7 de novembro de 2017.
 - Informe de sostenibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda de data 7 de novembro de 2017.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 26 de xaneiro de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A secretaria xeral técnica

María Jesús Lorenzana Somoza

